

CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E ASOCIACIÓN DE INDUSTRIAS DEL METAL Y TECNOLOGÍAS ASOCIADAS DE GALICIA (ASIME) PARA A HABILITACIÓN DO ESPAZO “MINDTECH STARTUP ARENA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Área de Competitividade do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que este Instituto ten previsto formalizar con a Asociación de Industrias del Metal y Tecnologías Asociadas de Galicia (ASIME) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2021.

Non obstante, serán atendibles os gastos derivados das actividades obxecto do convenio realizados a partires da súa sinatura e ata o 15 de novembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A promoción das start-ups industriais e, por ende, contribuír aos piares fundamentais da mellora da produtividade, a competitividade e a internacionalización das empresas, especialmente no eido da Industria 4.0.

A tal fin, habilitarase un espazo expositivo con capacidade suficiente para 39 start-ups e 3 business factories na feira MINDTECH, así coma un espazo na feira para a Xunta de Galicia.

Entenderase como “start-up” unha empresa emerxente, normalmente con un alto compoñente tecnolóxico, con grandes posibilidades de crecemento e que, polo xeral, respalda unha idea innovadora que sobresaí da liña xeral do mercado.

Asemade, nesta edición abordarase en colaboración a posta en marcha de un “Brokerage Event” así como, en interese xeral, a virtualización da feira-exposición MINDTECH, previndo as posibles dificultades remanentes da pandemia COVID-19.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

O IGAPE é a axencia de desenvolvemento rexional de Galicia e, entre os seus principais obxectivos, están os de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na Comunidade Autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo. A Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia establece que o IGAPE será o instrumento esencial da consellería competente en economía para desenvolver e aplicar as medidas para estimular o emprendemento e a actividade emprendedora, e terá a consideración de entidade instrumental do sector público autonómico

con competencias en materia de emprendemento. A Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0 ten como un dos seus programas o fomento do emprendemento industrial, pola súa especial dificultade.

ASIME é unha asociación empresarial galega sen ánimo de lucro, sendo a principal motivación da mesma a prestación e o beneficio común de todos os seus asociados. A dita asociación representa unha forza e capacidade de acción singular dado que agrupa a máis de 600 empresas industriais, sendo que toda actividade ou iniciativa proposta por ASIME conquire sempre a participación dun volume considerable de empresas. ASIME, como parte das accións de fomento da actividade e das accións en materia de comercio exterior que forman parte dos seus obxectivos fundacionais, organiza a segunda edición da feira MINDTECH (Metal Industry and Technologies International Trade Fair), evento bienal cuxa primeira edición se celebrou en 2019 con importante éxito e impacto empresarial e industrial, estando presentes empresas líderes do sector industrial, metalúrxico, metalmecánico e das tecnoloxías asociadas a nivel nacional e internacional. Na segunda edición da feira terase a oportunidade de manter encontros comerciais B2B con outras firmas obxecto de interese. MINDTECH terá lugar no Instituto Ferial de Vigo (IFEVI) entre os días 14 e 16 de setembro de 2021, en horario de 10.00 a 18:00 horas.

O obxectivo do convenio IGAPE-ASIME de promover o coñecemento e relación das start-ups industriais entre as empresas de primeiro nivel que asistirán á feira concorda especificamente coas actividades habituais das dúas organizacións, que xa teñen colaborado conxuntamente no ámbito do emprendemento en iniciativas como Business Factory Aero. Este acordo de asociación ofrece, polo tanto, a vía única e directa de acadar os obxectivos de promoción do emprendemento industrial buscados, que redundarán nunha maior capacidade de negocio para as start-ups e amplas oportunidades de innovación aberta para as empresas tractoras. Por outra parte, a colaboración reforzará a feira MINDTECH, cuxa capacidade dinamizadora a longo prazo atraerá máis negocio a Galicia e daralle visibilidade no ámbito internacional como rexión industrial e tecnolóxica.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O director da Área de Competitividade